

# **CURSO DE GUÍAS LOCAIS DO MEDIO NATURAL DO CONCELLO DE CEDEIRA**



## **ORGANIZACIÓN**

O curso de 16 horas de duración está organizado polo Concello de Cedeira e financiado pola Consellería de Pesca con fondos europeos para o desenvolvemento dos municipios costeiros.

O obxectivo principal desta acción formativa será capacitar aos participantes para exercer como guías-intérpretes dos valores naturais e patrimoniais de Cedeira e a súa contorna, así como obter as directrices para concienciar aos visitantes da necesidade da súa conservación e dotar aos asistentes de recursos necesarios para guiar un grupo e dinamizalo. O curso contará cun total de 20 prazas e está dirixido preferentemente a graduados en Xeoloxía, Bioloxía, Ciencias Ambientais, Xeografía e Turismo.

## **REQUISITOS MÍNIMOS DE ACCESO**

- a) Diplomados e licenciados en xeral
- b) Tamén poderán participar aquelas que estean en posesión dun ciclo formativo de grado superior relacionado coa materia a desenvolver. En tal caso será preciso xustificar tal relación e deberá ser incluída na solicitude de inscrición.
- c) Persoas en xeral que teñan interese polo coñecemento e conservación do medio natural. En dito caso os interesados deberán achegar unha carta de presentación á solicitude de inscrición, na que se amose esta inquedaanza.

## **PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

Para o caso de que existir máis solicitudes que prazas, levárase a cabo unha selección. No caso de persoas físicas/particulares se valorará:

- Cursos relacionados con guías-intérpretes do patrimonio, guías da natureza, ambientais e cursos relacionados coa didáctica pedagóxica, ou similar impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por estas, coa seguinte valoración, *ata un máximo de 20 puntos*:

- Cursos de 100 ou máis horas..... 7,5 *puntos*.
- Cursos de 70 a 99 horas..... 5,0 *puntos*.
- Cursos de 40 a 69 horas..... 2,0 *puntos*.
- Cursos de 15 a 39 horas..... 1,0 *puntos*.

- Por cada mes como desempleado/a, e acreditándoo como inscrito/a no SPE como demandante de emprego 1 puntos por cada mes, *ata un máximo de 20 puntos*.

- Licenciatura/ Grado en Xeoloxía, Bioloxía, Ciencias Medio Ambientais, Xeografía e Historia, ou diplomatura / Grao en Turismo. 10 *puntos*.

- Ciclo formativo de grado superior relacionado coa temática do curso. 10 *puntos*.

- Por levar empadroadado en Cedeira máis dun ano. 5 *puntos*

### **INSTANCIAS E PRAZO**

- Os/as que desexen tomar parte no proceso selectivo presentarán a solicitude de acordo ao modelo que está dispoñible en [www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal) facilitándose tamén no Rexistro Xeral do Concello.
- A solicitude virá acompañada, do DNI do solicitante xunto coa documentación necesaria para acreditar requisitos mínimos e outros méritos a valorar para a selección.
- As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde de Cedeira e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira ou de forma excepcional poderán achegarse as solicitudes por correo electrónico, a [rutasxeoloxicasdegalicia@gmail.com](mailto:rutasxeoloxicasdegalicia@gmail.com)
- O prazo de solicitude iniciárase o 5 de maio e rematará o día 19 de maio.
- Os desprazamentos para as visitas que se programen serán por conta do interesado/a.

### **DATAS E DURACIÓN**

O curso celebrárase en horario de fin de semana (sábado e domingo, mañá e serán)

Días : 27 e 28 de maio. As datas de celebración poderán variar se a organización así o considera.

### **PROFESORADO**

- Francisco Canosa Martínez. Doutor en Xeoloxía.
- Laura Carquijero López. Licenciada en Bioloxía.
- José Manuel Sierra Pernas. Licenciado en Xeografía.
- Emilio Ramil, Licenciado en Arqueoloxía.

## **HORARIOS E CONTIDOS DO CURSO**

### ***Día 27 de maio***

9:00 - Entrega de documentación e presentación do curso

10:00 - Xeoloxía da Serra da Capelada. Características xeolóxicas e patrimonio xeolóxico. Ponente: Francisco Canosa Martínez

11:30 - Descanso (30 min)

12:00 - Flora e fauna da Serra da Capelada. Espazos naturais de interese e endemismos. Ponente: Laura Carquijero López

13:30 - Mesa redonda

14:00 - Descanso para xantar (1 h e media)

15:30 - Xeomorfoloxía e climatoloxía da Serra da Capelada. Ponente: José Manuel Sierra Pernas

17:00 - Descanso (30 min)

17:30 - Patrimonio arqueolóxico no Concello de Cedeira. Ponente: Emilio Ramil

19:00 - Mesa redonda

19:30 - Peche da sesión

### ***Día 28 de maio***

10:00 - Visita a distintos enclaves con interese xeolóxico, biolóxico e arqueolóxico do Concello de Cedeira.

14:00 - Descanso para xantar (1 hora).

19:00 - Peche da sesión e entrega de diplomas.